

ANUNCIO
ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DATA: 09.04.2026
APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026
Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ao servizo de campamentos de verán do ano 2026 nas seguintes modalidades:

- Minicampamento de aventura: para nados e nadas en 2015, 2016 e 2017.
- Campamento de mar: para nados e nadas en 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Os pais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada campamento é:

A) Minicampamento de aventura	160 €
B) Campamento de mar	250 €

Artigo 4. Bonificacións.

Supostos de bonificación	Porcentaxe de bonificación	Prezo público sen bonificación	Prezo público bonificado
Supostos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo departamento de servizos sociais	100%	A) 160,00 € B) 250,00 €	A) 0,00 € B) 0,00 €
*Condición de familia numerosa xeral	25%	A) 160,00 € B) 250,00 €	A) 120,00 € B) 187,50 €
*Condición de familia numerosa especial	40%	A) 160,00 € B) 250,00 €	A) 96,00 € B) 150,00 €
*Familias monoparentais	25%	A) 160,00 € B) 250,00 €	A) 120,00 € B) 187,50 €

* Para aplicar as bonificacións de familia numerosa é requisito que a base imponible do IRPF da unidade familiar sexa menor que o triplo do IPREM (tributación individual, media) ou que o sétuplo do IPREM (tributación conxunta).

Vedra, 10 de abril de 2026

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)